

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009901	IES San Paio	Tui	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Relixión católica	1º Bac.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

## 1. Introducción

A finalidade da educación é contribuir a que o alumnado acade un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. Non podería existir unha formación integral e unha educación completa e de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións do ser humano, unha delas é a relixiosa.

O deseño desta programación enmárcase nun modelo educativo de tipo constructivista, que entende a educación como un proceso que pon ás/ós alumnas/os en condición de revisar, modificar e reconstruír as súas categorías e estruturas mentais, para reinterpretar e reconstruír significativamente a realidade.

Trataremos de ter presente a realidade do noso alumnado: Cunha formación sociocultural media-baixa. No eido relixioso as máis das veces teñen unha fe herdada, rutinaria e monótona nas prácticas relixiosas, que ó mellor lles serviu de nenos, pero que agora ou lles é indiferente? ou empezan a cuestionar.

Pretendemos que, mediante a adquisición dunha serie de coñecementos, competencias, destrezas, valores e actitudes, o alumnado desenvolva a súa capacidade reflexivo-crítica, e sexan críticos, responsables e comprometidos coa realidade que os rodea.

Dende a área de Relixión pretendemos facer un aporte á dimensión do SABER, pero sen esquecer e fortalecendo e potenciando sobre todo a dimensión do SER.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándoas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional.	1-2-3-5	3		1-3-4	11-12-20-31-40-50	1-3-4	2-3	1-31
OBX2 - Recoñecer e desprezar o carácter relacional do ser humano, como fundamento dos deberes e liberdades, desenvolvendo actitudes cívicas e democráticas, contrastando o Evanxeo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, para aprender a vivir con outros e contribuír á construción dunha sociedade inclusiva.	1-2-5	3	5	3	11-20-31-32	1-2-3-4	1	31
OBX3 - Interpretar os desafíos democráticos, socioeconómicos e ecolóxicos, analizando as súas causas e consecuencias desde a moral social da Igrexa, discernindo as propostas sociopolíticas das relixións e os movementos sociais, para asumir a ecoloxía integral e a responsabilidade persoal e social no coidado da vida e do planeta.	1-2-5	3	3	1-3	12-20-32-40	3-4	1	1-31-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural, interpretando o seu significado e expresións cos métodos de análises propias de cada disciplina, valorando criticamente as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos, para intervir con criterio propio no diálogo intercultural, a creación artística e na construción social do pensamento.	2-4	3	2-3			1-3		1-2-32-41-42
OBX5 - Valorar a dimensión espiritual como fonte de sentido e aprendizaxes vitais, a través da análise das experiencias persoais, do coñecemento das tradicións espirituais, e do diálogo interdisciplinar con outras visións da vida e do mundo, para descubrir as oportunidades persoais, sociais e culturais da experiencia espiritual como proposta de plenitude da vida persoal e comunitaria.	1				11-20-40	1-3	2	1-31-41
OBX6 - Coñecer o método propio da Teoloxía e as súas distintas especialidades analizando o seu lugar entre os saberes e disciplinas, establecendo un diálogo transdisciplinar coas outras ciencias, para afrontar criticamente os desafíos éticos e a transformación social.	1-2-3		4	1	31-40-50	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Identidade do ser humano. Un ser relixioso	O ser humano, un ser de relacións: Relación con Deus, relación cos demais e relación co mundo. Configuración da identidade do ser humano: Os Humanismos, a relixión (panorama mundial das relixións), especificidade da relixión cristiã	25	8	X		
2	Fe e Razón	Clarificación da fe e da razón e historia das súa relación (enfrentamentos, encontros, colaboración e complementariedade). Vivencia da fe nun mundo científico técnico	25	6		X	
3	Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián	Análise dos Principios da DSI, ver a súa historia e os principais documentos e aplicar logo á realidade social que nos rodea cos seus problemas: Guerra/paz, traballo/paro, migración, pobreza/riqueza, ecoloxía, ...	25	12		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Expresións relixiosas na cultura da contorna	Descubrimento e análise da presenza da Relixión na realidade socio-cultural que nos rodea: Igrexas, Cruceiros, Lendas, Cantigas, Romerías.... configuradores do noso ser persoas e ser galegos	25	9	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Identidade do ser humano. Un ser relixioso	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións.	Reflexiona sobre acontecementos, imaxes, novas...e emite xuízos de valor sobre a necesidade de atopar sentido á vida	PE	25
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Adquire capacidade de reflexión crítica ante novas, comportamentos e actitudes respecto á dignidade das persoas, as relacións sociais e o respecto, coidado e defensa da vida e da natureza	TI	75
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan os humanismos e as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiana		
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano.</li> <li>- Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal.</li> <li>- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.</li> <li>- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das</li> </ul>

## Contidos

- relixións.
- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional.
- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.
- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.
- Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria.
- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.
- Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.
- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
2	Fe e Razón	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Identifica diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método	PE	25
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Aporta argumentos para defender racionalmente a súa fe e crenzas	TI	75
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Analiza casos e debate, de forma razoada, sobre situacións de "conflicto" entre razón e fe		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Descubre a colaboración que pode haber entre razón e fe se ambas se respetan		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.</li> <li>- Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina.</li> <li>- Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade.</li> <li>- Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoos a diferentes situacións sociais.	Analiza os principais documentos da DSI descubriendo os principios fundamentais da mesma e valora a aplicación deses principios	PE	20
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoos con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica problemas sociais e analiza a resposta que a a Doutrina Social da Igrexa deu ós mesmos analizando os seus documentos	TI	80
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Comprende o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplicaos a situacións concretas		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Valora as aportacións que dende os diferentes ámbitos (político, relixioso, científico,...) se da á solución dos problemas sociais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvolto en clave vocacional.</li> <li>- A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa.</li> <li>- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.</li> <li>- Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa ( DSI).</li> <li>- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.</li> <li>- As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.</li> <li>- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible ( ODS).</li> <li>- Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
4	Expresións relixiosas na cultura da contorna	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Recoñecer a influencia do contorno socio/relixiosos na nosa configuración personal	PE	25
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente	TI	75
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Apreciar e valorar as manifestacións relixiosas da contorna. Informándose sobre a súa historia, tradición e desenvolvemento		
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.</li> <li>- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.</li> <li>- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.</li> <li>- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As seguintes orientacións metodolóxicas xiran en torno a dous eixes:

1. Fidelidade e respecto ó alumnado, protagonista da educación.
2. Fidelidade á mensaxe e ós contidos da educación relixiosa cristiá católica.

Seguimos o modelo que emana da concepción constructivista da aprendizaxe. Así, temos en conta os seguintes criterios:

- a. O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade.
- b. O que empeza unha nova aprendizaxe, faino a partir dos coñecementos que posúe.
- c. O que aprende faino establecendo relacións entre os seus esquemas mentais e os estímulos externos. Só así se logra unha aprendizaxe significativa.

Non esqueceremos a importancia formativa que ten o traballo en grupo, indispensable para potenciar a dimensión social e comunitaria do alumnado.

Utilizaremos distintas linguaxes relixiosas: bíblica, doutrinal, litúrxica, testemuñal, para familiarizar ó alumnado con elas e responda con propiedade á utilización das mesmas.

Fomentaremos a interdisciplinabilidade e a complementariedade.

O máis importante será o traballo do alumnado, de aí a importancia que daremos ó caderno de actividades e ós seus traballos, individuais e grupais. Calificaremos moi positivamente o traballo que o alumnado realice fóra das horas de clase e dun xeito voluntario: Lectura-recensión de libros de lectura complementarios, realización de pequenos traballos sobre aspectos e temas a tratar.

Non pretendemos que o alumnado aprenda de memoria uns cantos conceptos; debe ter claras as nocións básicas e adquirir uns coñecementos teóricos básicos, pero sobre todo pretendemos que poña en xogo o saber adquirido nas situacións que a vida (familia, xogo, amizades, colexio, sociedade) lle plantexa.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas, esquemas, apuntamentos, documentos de apoio do Departamento
Material de apoio existente na Biblioteca

Non temos libro de texto, polo que usaremos o material que hai na Biblioteca relacionado coa nosa materia (documentos de DSI, sobre as diferentes relixións, en torno ás manifestacións socio/relixiosas da contorna, ...) así como o fondo documental do Departamento que iremos aportando ó alumnado segun sexa preciso: apuntamentos, guións, fichas,.... con indicacións de traballo, para que él mesmo vaia construindo a súa propia aprendizaxe, elaborando o seu personal e propio libro de texto.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Elaboración dun xogo, preguntas e respostas sinxelas, sobre os temas que imos desenvolver ó longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, descubra os acertos e os erros que ten e a partir de aí vaian corrixindo ou confirmando as súas ideas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	25	25	20	25	<b>24</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	75	75	80	75	<b>76</b>

### Criterios de cualificación:

1. Observación sistemática. Observación da actitude, interese e participación manifestados polo alumnado ante as tarefas plantexadas na aula. Observación do respecto aos compañeiros/as, ao profesor e aos materiais propios e alleos.
  2. Traballo individual. Producións do alumnado na aula e fóra dela, recollidas nun caderno de clase e/ou nun blog. Presentación en soporte papel ou informático (correo electrónico....)
  3. Traballo en grupo. Realización e exposición de actividades en grupo.
  4. Probas orais. Valoración da implicación e participación nos temas desenvolvidos na aula: Creatividade e investigación persoal, respecto no diálogo, nas quendas de palabra e na opinión dos demais.
  5. Probas escritas. Probas de redactar, tipo test e cuestionarios (Verdadeiro / falso, encher espazos en branco, aparelar, selección múltiple,...).
- O peso específico na cualificación, de cada proba e instrumento de avaliación será como segue:
- 50% Traballo individual. Traballo diario na aula e fóra dela (caderno, traballos, ...)
  - 24% Probas escritas.
  - 16% Traballos en grupo.
  - 10% Participación na aula, actitude, comportamento, respecto...

### Criterios de recuperación:

Cada avaliación parcial suspensa quedará superada entregando os traballos que non se tiveran realizado no seu momento. No caso de rematar a avaliación ordinaria coa materia suspensa, diseñaremos actividades concretas, individualizadas, para ese alumnado, buscando que recupere e supere a materia.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

Os alumnos que teñan que recuperar esta materia faranno mediante a elaboración e entrega dun cuaderniño que será facilitado polo Departamento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Procuraremos ter en conta a individualidade do alumnado, adaptando estratexias, recursos, espazos e tempos empregados na aula, atendendo ós diferentes ritmos de aprendizaxe.

No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X
ET.9 - Formación estética	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.12 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Internacional contra a Violencia de Xénero.	Participaremos de xeito activo en colaboración co proposto polo Equipo de Biblioteca.	X		
Día dos Dereitos Humanos.	Actividades de concienciación da importancia dos Dereitos Humanos.	X		
Un Nadal Solidario	¿Nadal Solidario?: campaña de recollida de alimentos non perecedeiros en colaboración coa organización ¿SOS Tomiño-Baixo Miño¿	X		
Encuentro cos maiores das residencias ¿San Telmo¿ e ¿Paz y Bien¿	Trátase de visitas ás residencias de maiores da nosa localidade, sobre todo polo Nadal, onde temos unhas horas de convivencia con recital de lecturas, música popular e tradicional, panxoliñas...	X		X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Paz.	Participaremos de xeito activo en colaboración co proposto polo Equipo de Biblioteca.	X	X	
Día Internacional da Muller.	Participaremos de xeito activo en colaboración co proposto polo Equipo de Biblioteca.		X	
XVIII VIAXE CLÁSICO-LITERARIA	Saída de cinco días (de luns a venres) Médulas¿ León¿ Burgos¿ Zaragoza- Mosteiro de Pedra.		X	
"Os Maios"	Trátase de elaborar un maio, así como a composición de coplas para recitar, despois, ao pé do maio.			X
Apadriñamentos lectores tanto na Galiña Azul, que está ao carón do centro, como coas residencias de maiores "Paz y Bien" e "San Telmo"	Trátase de ler, dramatizar e contar distintos textos adaptados as necesidades dos ouvintes.			X

**Observacións:**

A maioría das actividades realízanse en colaboración con outros Departamentos: Biblioteca, Música, Linguas Clásicas, Linguas, Ciencias, Matemáticas, Xeografía e Historia...

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvemento da Programación
Metodoloxía empregada
Avaliación
Clima de traballo na aula
Enquisa

**Descrición:**

Cumprimento da programación. Variacións/modificacións introducidas na mesma ao longo do curso.

Resultados da avaliación. Promoción do alumnado.

Avaliación da práctica docente mediante unha enquisa entregada ao alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguimento permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso

## **9. Outros apartados**